

EMPRESARIOS

DE GALICIA VOLUME 2

MANOEL CORDO BOULLOSA

1905-2000



O MAGNATE DO PETRÓLEO

José Manuel Lopes Cordeiro

Profesor da Universidade do Miño (Braga, Portugal)



Manoel Cordo Boullosa

Manoel Cordo Boullosa naceu en Lisboa, o 5 de decembro de 1905, no 2º piso do número 6 da rúa Anchieta, en Chiado, cuarto fillo e único home de Manuel María Cordo Martínez (Pontecaldelas, 1869) e Leocadia Boullosa y Muñoz (Caritel, 1878), un matrimonio galego que se dedicaba ao comercio de carbón e viño. A pesar de que ao longo da súa vida a Manoel Cordo Boullosa lle gustase salientar as súas orixes humildes, o certo é que na época na que naceu, o seu pai — que chegara a Lisboa apenas dúas décadas antes, en 1885 — xa era un comerciante de éxito. Así, en 1904 referíase a el o *Almanaque Industrial, Comercial e Profisional de Lisboa* como propietario de varios negocios e de predios de arrendamento. Tamén a súa nai proviña dunha familia considerablemente acomodada, pois o seu pai, Manuel António Boullosa Gonzalez (A Fraga, 1841-Lisboa, 1919), era daquela un dos grandes comerciantes de carbón e viño da capital portuguesa, propietario de varios barcos que transportaban carbón ao longo do Texo, e era tamén un dos fundadores do Gremio dos Carboeiros.

Con apenas un ano de idade, Manoel Cordo Boullosa perdeu a súa nai, que só tiña 28 anos e estaba grávida do seu quinto fillo. Por esa razón o pai decidiu enviálo para Caritel (Santa María), unha parroquia do concello de Pontecaldelas, de onde era orixinaria a súa familia materna; deste xeito, foi entregado aos cuidados das súas tías Amalia e María Esperanza Boullosa Muñoz, ata a idade de oito anos. Fixo a instrución primaria en

Pontevedra —nunha escola que actualmente ostenta o seu nome— (camiñaba 10 quilómetros cada día para acudir ás clases), e volveu para Lisboa en 1913, despois de rematar os seus primeiros estudos.

De novo na capital portuguesa, Manoel Cordo Boullosa ingresou entón nun colexio interno. Despois pasou para a Escola Académica de Lisboa, fundada no ano 1847 e que foi pioneira en Portugal ao reunir os graos de instrución primaria, secundaria e profesional nunha mesma institución de ensino. Concluído o curso comercial e con 15 anos de idade, abandonou os estudos e comezou a traballar co seu pai, a quen axudaba no negocio da venda de carbón e garrafas de queroseno para o que percorría cun carro as rúas de Lisboa. Un ano máis tarde, conseguiu o seu primeiro emprego, como administrativo, na Nova Sociedade Vinícola, unha empresa da que era socio un cuñado seu, casado coa súa irmá Leocádia; tiña un salario de 90 escudos ao mes e traballaba de luns a domingo, das nove da mañá ata o comezo da noite.¹ Estas primeiras experiencias profesionais revelaban xa o verdadeiro culto ao traballo que demostrou ao longo da vida, unha faceta súa que lle gustaba salientar.

A sorte sorriulle en Suíza

En 1923, Manoel Cordo Boullosa caeu gravemente enfermo de tuberculose, unha doenza frecuente na época, da que xa morreran dúas irmás e un curmán. En Portugal as posibilidades de tratamento eran moi reducidas e por iso o pai decidiu enviálo para un sanatorio en Suíza, en Davos-Platz. Unha resolución tomada con gran sacrificio xa que se viu obrigado a vender tres predios dos que dispoñía en Lisboa, adquiridos no decurso dunha vida de intenso labor co fin de custear os dispendiosos tratamentos do fillo.

A estadía en Suíza foi amplamente proveitosa para o mozo Manoel. Non só conseguiu curarse da terrible doenza senón que tamén, nos tres anos que pasou no sanatorio, aproveitou o tempo para aumentar os seus coñecementos, lendo os principais clásicos da literatura francesa, aprendendo a falar correctamente o francés e, con algunha fluidez, o inglés e

¹ FERNANDES (2003).

o alemán, o cal, no futuro, se revelaría dunha grande utilidade para a expansión dos seus negocios nos mercados internacionais.² Foi tamén en Suíza onde coñeceu a que sería a súa primeira muller, Alice Pina Lopes —coa que contraerá matrimonio en 1928 e desta unión nacerá o seu fillo Francisco Manuel (1930-2002)—, que tamén se atopaba alí en tratamento, filla do maior Francisco Pina Esteves Lopes, que fora ministro de Economía en 1920 do efémero goberno do coronel António Maria Baptista/José Ramos Preto.

Foi tamén en Suíza onde se lle abriron as portas para o negocio do petróleo, por medio de Pedro Bessa da Silva Pais, que se atopaba igualmente en tratamento no sanatorio de Davos-Platz (mais que, por desgraza, non conseguiu resistir a doenza) e que era fillo do malogrado presidente da república Sidónio Pais. Como sabía da boa relación que Boullosa tiña cos carboeiros de Lisboa, Pedro Bessa da Silva Pais pediulle que introducise naquel medio o seu irmán António, que na época tiña a concesión de Shell en Portugal co fin de que as compras pasasen a ser feitas a aquela empresa holandesa-británica.

Unha vez de volta en Lisboa, Manoel Cordo Boullosa entrou en contacto con António Bessa da Silva Pais e de aí resultou unha nova e excelente oportunidade de negocio, unha vez que se converteu en comisionista de Shell. Deseguido, reconverteu o negocio paterno do carbón e pasou a dedicarse ao fornecemento de combustibles para coches, ao mesmo tempo que abría a súa primeira oficina, na rúa dos Caetanos. A iniciativa de Boullosa coincidiu cun momento de viraxe na vida política e económica de Portugal. Estamos en 1926, ano no que é proclamada a ditadura militar —a cal, algúns anos máis tarde, abrirá as portas ao réxime do Estado Novo de Salazar, que implantará unha economía corporativa—, ao mesmo tempo que se asistía a unha mellor definición e estruturación a aquel que viría ser o moderno sector dos combustibles; así constitúese un mercado que comezaba a ter algún peso na economía nacional.³ En 1919 fundárase a firma Costa & Ribeiro, Lda., dedicada á comercialización de combustibles, que en 1929 se asociará con Atlantic Refining Company e dá orixe

² FERNANDES (2003).

³ FERNANDES (2003).

á Companhia Portuguesa de Petróleos Atlantic (da cal, máis tarde, en 1955, nacerá a Companhia Portuguesa dos Petróleos BP, logo de negociacións con Atlantic). En 1920, Shell, que adquirira Lisbon Coal and Oil Fuel Company (fundada en 1910), instalouse tamén en Portugal. En 1924, Vacuum Oil (futura Mobil, que estaba instalada en Portugal desde 1896 e que foi a empresa líder do mercado durante case que medio século) comezou a distribución de produtos por camións cisterna, xa que ata entón eran utilizados carros con depósito. E, finalmente, en 1929, é fundada a firma Queiroz Pereira, Lda., a primeira empresa do sector do petróleo, cuxo capital maioritario era portugués. Deste xeito, remataba a fase na que o mercado portugués de produtos petrolíferos era dominado por empresas de capital estranxeiro.

Mentres, Manoel Cordo Boullosa converteuse tamén en representante da Cooperativa Portuguesa de Gasolina e Petróleos, negocio que lle proporcionou rendementos considerables. A cooperativa quebrou en 1928 e Boullosa aproveitou esa circunstancia para vendela en subhasta pública, por valor de 100.000 escudos; quedou con 2000 barrís de gasolina baleiros, 28 postos de combustibles, 4 camións e 1 coche. Foi o seu primeiro gran negocio xa que acabaría por vender os camións e o coche —un Chevrolet descapotable— por 60.000 escudos,⁴ ou sexa, máis de metade do montante polo que adquirira aquela empresa e aínda quedou cos restantes bens dela.

A escolla do socio ideal

A asociación con Manuel Queiroz Pereira, o cal, ademais de ser unha das principais figuras do medio empresarial lisboeta —fillo do empresario Carlos Augusto Pereira, director delegado da Companhia das Águas (a empresa que garantía a distribución de auga aos domicilios da capital) e propietario do Banco Comercial de Lisboa—, estaba moi ben relacionado co réxime implantado polo golpe militar do 28 de maio de 1926, constituirá un importante paso na vida empresarial de Manoel Cordo Boullosa ao permitirlle abrir novos horizontes. Deste modo, un ano despois da

⁴ FERNANDES (2003).

constitución da firma Queiroz Pereira, Lda., en 1930, esta pasou a contar cun novo socio, Manoel Cordo Boullosa; o seu capital era de 10.000 escudos — igualmente repartido polos dous socios— e tiña como obxectivo comercial a distribución de combustible e aceites lubricantes. Ademais da sociedade comercial que agora ambos compartían, os dous socios fixeron aínda un acordo complementario, que se revelará dunha grande importancia, principalmente para Boullosa: en todos os negocios nos que, no futuro, entrasen, a participación de cada un sería do mesmo valor.⁵

Inicialmente, os dous socios comezaron por importar petróleo de Hamburgo mais, en 1933, decidiron crear unha nova empresa, SONAP (Sociedade Nacional de Petróleos) —cuxos estatutos foron elaborados por Marcello Caetano, futuro primeiro ministro—, que integraba a anterior firma Queiroz Pereira, Lda. e que se dedicaba tamén a operacións comerciais e de distribución; instalou unha terminal no norte do país e levou a cabo instalacións industriais nos arredores de Lisboa. SONAP dispoñía dun capital de tres millóns de escudos, distribuídos entre Manoel Cordo Boullosa (19%), Manuel Queiroz Pereira (19%), Steaua Française (56%) e outros nove accionistas menores, ou sexa, 40% de capitais portugueses e 60% de capitais franceses. Esta última, dispoñía dunha refinaría romana, a Steaua Romana (a cal tiña ligazóns coa Compagnie Française des Pétroles), de onde proviña o petróleo que era importado por SONAP.

Aínda que a creación de SONAP constituíse un paso significativo para unha maior intervención no mercado dos combustibles, a súa actividade atopábase fortemente limitada polo feito de que as empresas entón existentes opuxeran unha resistencia lóxica á entrada dun novo competidor. De feito, na repartición do mercado existente daquela, a SONAP só lle foron atribuídas unhas cotas do 7,1% para a gasolina, e do 3,55% para o gasóleo.⁶ Ademais disto, a creación de SONAP tampouco provocou unha grande alteración do panorama petrolífero xa que a actividade que na época podería constituír unha vantaxe económica no sector dos combustibles —o refinado do petróleo— aínda non existía en Portugal.

⁵ FERNANDES (2003).

⁶ HENRIQUES (2003).

En 1936 estalou a guerra civil en España. Portugal apoiou o *alzamento* franquista contra o Goberno da segunda república. Coñecedores do importante papel que Manoel Cordo Boullosa desenvolvía en Portugal no sector dos combustibles, os franquistas contactaron con el, co fin de tentar satisfacer as súas necesidades de aprovisionamento de produtos petrolíferos. O empresario chegou mesmo a ter un encontro con Franco en Sevilla para negociar o fornecemento de petróleo, unha vez que aquel tiña dificultades en garantir o abastecemento das súas tropas, debido á prohibición internacional que fora decretada. No entanto —segundo afirmou máis tarde o propio Boullosa—, aquela prohibición non duraría máis ca un mes. Ao rematar esta, os americanos comezaron a abastecer os franquistas⁷ a través das empresas ESSO e Texaco, entre outras, polo que aquela oportunidade de negocio se esvaecería xa que non tiña posibilidades para concorrer. No entanto, algúns autores afirman que Boullosa lles vendera petróleo aos franquistas a través da Texaco, a cal fornecería, desde os primeiros momentos e contra a vontade do goberno americano, preto de 1.866.000 toneladas métricas de produtos petrolíferos a Franco ao longo do período da guerra civil.

Foi aínda nesta época cando Manoel Cordo Boullosa comezou a afondar e a aproveitar os seus contactos internacionais, resultantes do feito de ser convidado a integrar o consello de administración da Compagnie Française des Pétroles (actual Total), ligada ao Banque de Paris et Pays-Bas, o que lle permitiu gañar experiencia na administración de grandes empresas internacionais ao exercer eses cargos en Suíza, Exipto, Ethiopia e Sudán.⁸

As orixes da industria do petróleo en Portugal

A finais da década dos trinta, o goberno portugués xa se decatara da importancia da construción dunha refinaría de petróleo. «Era necesario responder ao rápido aumento das importacións de derivados petrolíferos (taxas de crecemento medio anual do 20% para a gasolina e do 38% para

⁷ FERNANDES (2003).

⁸ FERNANDES (2003).



Instalacións da SONAP,
nos seus inicios

os aceites combustibles no período de entreguerra), aumentar a seguridade no abastecemento e diminuír a saída de divisas do país».⁹ Xa en 1936, a Cámara Corporativa recomendara a instalación dunha industria nacional de refinado (Proposta de lei 82/36, do 30 de xuño), mais será a través da promulgación da Lei 1947/37, do 12 de febreiro, que aprobaba o réxime de importación, almacenamento e tratamento industrial de petróleo bruto e os seus derivados —a cal pasou a ser coñecida como a Lei dos petróleos—, e que será regulamentada polo Decreto 29034/38, do 1 de outubro, cando o Estado portugués reuniu os requisitos legais para instalar unha refinaría no país. Ademais, estas dúas pezas legislativas constituirán, durante un longo período, as liñas mestras do réxime petrolífero en Portugal.

Proseguindo coa lexislación aprobada, o Estado iniciou o proceso para construír unha refinaría de petróleo en Portugal, obxectivo que se presentaba cunha enorme importancia estratéxica, non só porque viña ao encontro da política autárquica do Estado Novo senón porque protexía os intereses nacionais fronte a ameazas declaradas polas empresas estran-

⁹ HENRIQUES (2003).

xeiras ligadas aos grandes grupos petrolíferos, que por aquel entón abastecían Portugal, as cales reaccionaran moi negativamente á lexislación promulgada e chegaran a ameazar con que non a respectarían. Poucos meses despois da promulgación da lexislacións sobre petróleos, «xorde unha empresa romanesa independente —a Redeventza— que sabía dos propósitos portugueses, interesada en investir no refinamento, a cal termina por presentar un pedido formal para instalar unha refinaría na área de Lisboa».¹⁰

Deste xeito, en 1936, foille concedida á Redeventza, sociedade anónima con sede en Bucarest, a autorización para instalar unha refinaría de petróleos brutos e os seus derivados. Romanía era un importante produtor de petróleo antes da segunda guerra mundial e, tanto a tecnoloxía da que entón dispoñía, coma o seu persoal técnico, desenvolverían un papel relevante nos primeiros anos da actividade portuguesa do refinado. O 8 de abril de 1938 estableceuse un acordo entre o Instituto Português de Combustíveis (creado en 1933, con funcións de apoio técnico e de fiscalización), a sociedade Redeventza e Martin Sain, un cidadán romanés de orixe xudía radicado en Francia, para a instalación dunha refinaría de petróleo. Este acordo estipulaba a instalación dunha refinaría, cunha exclusividade de dez anos, cunha capacidade de elaboración anual mínima de 150.000 toneladas de petróleo bruto, a través da constitución dunha sociedade portuguesa —aínda que os capitais fosen de orixe romanesa— con 15 millóns de escudos de capital, dos cales 1/3 serían do Estado portugués. En compensación, «o Estado garantía un mercado de 50% do consumo dos produtos asignados (gasolina, petróleo, gasóleo e fuel óleo), excluindo as vendas para a exportación e abastecemento de navíos e avións durante 20 anos».¹¹

O 25 de abril de 1938, o Ministerio do Comercio, Industria e Agricultura concederá, finalmente, a licenza para a constitución de SACOR (Sociedade Anónima Concesionaria da Refinación de Petróleos) en Portugal, a cal será a primeira empresa petrolífera portuguesa en dominar todo o proceso, da importación, transporte, refinado e distribución dos produtos petrolíferos. SACOR, que iniciaba a súa actividade «ao abeiro

¹⁰ VAZ (2004).

¹¹ FERNANDES (2003).

dun réxime verdadeiramente excepcional no tocante a exencións fiscais e alfandegarias»,¹² tiña garantida a metade do mercado portugués de combustibles, obrigando a SONAP — onde tiña participación Manoel Cordo Boullosa — a pasar dunha cota de mercado do 7,1% ao 3,55%.¹³

Martin Sain, director da sociedade Redeventza — o cal, xunto con outros técnicos que o acompañaron no proceso de creación de SACOR,

abandonara Romanía debido á represión desencadeada polo movemento nacionalista e antisemita dos Garda de Ferro —, foi un personaxe fundamental para o éxito de toda esta iniciativa que conduciu á creación da refinaría de SACOR; a pesar dos rumores que entón correron sobre irregularidades cometidas,¹⁴ así coma «ao nacemento e desenvolvemento dunha cultura tecnolóxica na área dos petróleos»¹⁵ en Portugal. A súa longa experiencia no sector petrolífero permitiulle levar a bo porto a instalación da refinaría de SACOR, en cabo Ruivo, nos arredores de Lisboa, cuxas instalacións entraron en funcionamento o 11 de xaneiro de 1940, aínda que esta só fora inaugurada oficialmente o 11 de novembro dese ano. O propio Martin Sain supervisou os traballos de construción da refinaría, auxiliado polo enxeñeiro romanés Adolfo Hascal. A súa localización en cabo Ruivo, na ribeira, beneficiábase do feito de xa estar aí ins-



Manoel Cordo Boullosa
xunto a unha bomba da
SONAP

¹² ROSAS (1986).

¹³ FERNANDES (2003).

¹⁴ PT-TT-AOS/D/C/11/1/2.

¹⁵ FERNANDES (2003).

taladas as empresas Atlantic Refining Company e Socony-Vacuum, ademais do bo acceso proporcionado pola foz do Texo e da proximidade do camiño de ferro. A pesar das dificultades, a construción adiouse só dezaioito meses (rexistrando, no entanto, un atraso de tres meses en relación co previsto) e o seu custo acadou un total de 32,8 millóns de escudos.

Con todo, os tempos eran difíciles. Co estalido da segunda guerra mundial no ano anterior, existía unha crise xeral no abastecemento en petróleo bruto e derivados. «Os prezos da gasolina e do carbón soben un 190% no decurso dos anos de 1938 a 1942»,¹⁶ e a inexistencia dunha frota propia de navíos petroleiros aumentaba as dificultades, agravada polo feito de non ser posible daquela transportar petróleo en navíos cisterna de empresas norteamericanas, en virtude da prohibición decretada polos Estados Unidos, o principal fornecedor de Portugal. Deste modo, só despois do *terminus* da segunda guerra mundial foi posible un normal desenvolvemento do sector petrolífero en Portugal. Durante o conflito mundial, a refinaria de cabo Ruivo operou sempre moi por baixo da súa capacidade e chegou a suspender temporalmente a súa actividade (durante o ano 1943 e nos tres primeiros trimestres de 1944) por falta de materia prima, e só en 1947 coñeceu, por primeira vez, unha situación de funcionamento normal,¹⁷ de maneira que acadou as 300.000 t/ano previstas.

Tamén durante este período SONAP coñeceu momentos de grandes dificultades e chegou a afirmar Manoel Cordo Boullosa que, ante a penuria producida e como non dispoñía de petróleo para vender, se viu obrigado a dedicarse á exportación de viños de xeito que chegou mesmo a ser un dos principais exportadores de Portugal. No entanto, despois do final da



Camión cisterna para abastecemento de petróleo

¹⁶ HENRIQUES (2003).

¹⁷ HENRIQUES (2003); FERNANDES (2003).

segunda guerra mundial, SONAP realizará algúns negocios bos. Nun momento no que os países europeos decidiran reducir nun 30% o consumo de petróleo, Cordo Boullosa defendía que Portugal non podería cumprir ese obxectivo; así chegou a convencer ao entón ministro de Economía para que o autorizase a adquirir o petróleo que puidese aparecer no mercado libre, aínda que a un prezo superior.¹⁸ Efectivamente, ao contrario de Shell e de Vacuum, SONAP conseguiu atopar no mercado internacional



Evolución dos logotipos da SONAP. As iniciais SF corresponden a Steaua Française

as cantidades de petróleo para garantir un normal abastecemento de Portugal e obter tamén os correspondentes lucros que ese negocio lle proporcionou. Pero, o máis importante, non só evitou o racionamento de petróleo, senón que o éxito acadado lle permitiu a Boullosa reclamar unha maior cota de mercado, a cal foi totalmente concedida polo Goberno. A partir daquela a situación da SONAP mellorou substancialmente: o seu capital ampliouse a 10 millóns de escudos, mercou a participación da Steaua Française (que por mor da segunda guerra mundial estaba a atravesar dificultades) e obtivo autorización para a importación de fuel óleo, algo que anteriormente era unha exclusiva de Sacor e de Shell. En 1953, último ano no que se rexistraron alteracións nas cotas de distribución de combustibles, a situación era a seguinte: SACOR (50%), Shell (20%), SONAP (16%), Socony-Vacuum (10%) e Atlantic (3%), en contraposición

¹⁸ FERNANDES (2003).

coa repartición existente en 1947: SACOR (49%), Shell (33,88%), Vacuum (11%), Atlantic (4%) e SONAP (2%).¹⁹

Na inmediata posguerra Manoel Cordo Boullosa vai diversificar a súa carteira de negocios, esta vez froito da súa anterior asociación con Manuel Queiroz Pereira. Como foi indicado, os dous empresarios formularan o compromiso de que, en todos os negocios nos que cada un entrase, a participación respectiva tería un valor idéntico. Deste modo, cando en 1946 Queiroz Pereira foi convidado para participar, como asociado, en Sorel —unha empresa que fora fundada en 1942 para comercializar gasóxeos e que nese ano 1946 obtivo a concesión da GM (General Motors Overseas Corporation)— Manoel Cordo Boullosa entrou tamén no negocio e os dous empresarios quedaron cunha participación de 240.000 escudos cada un, ademais dun terceiro accionista con só 60.000 escudos.²⁰ Ademais a entrada conxunta dunha nova empresa xa ocorrera en 1942, canda a fundación da Cimianto – Sociedade Técnica de Hidráulica, S. A., localizada en Alhandra, concello de Vila Franca de Xira, e unha das primeiras empresas portuguesas que se dedicou á fabricación e comercialización de produtos en fibrocemento, na cal Manoel Cordo Boullosa e Manuel Queiroz Pereira posuían, cada un, o 30% das accións.



Stand da SONAP nunha Exposición, no Palácio de Cristal do Porto

Ábrense novos camiños

A comezos da década dos cincuenta, problemas de saúde levaron a Manoel Cordo Boullosa a unha estada nos Estados Unidos, ao seu regreso, en 1954, decidiu poñerlle fin ao matrimonio con Alice Pina Lopes, o cal

¹⁹ HENRIQUES (2003).

²⁰ FERNANDES (2003).

xa estaba en crise desde había algún tempo. Pouco despois, Boullosa partirá para París, onde repartiu o seu tempo entre unha vida no seo da alta sociedade francesa e contactos xunto aos medios empresariais ligados ao sector petrolífero. Desta época data a idea de instalar unha refinaría de petróleo xunto ao importante porto de Vigo, para cuxa realización contaba co apoio e coa colaboración do seu amigo Valentín Paz Andrade, avogado e figura moi relevante do mundo pesqueiro e empresarial da

cidade olívica, propietario da empresa Pescanova, mais o goberno de Franco optou pola Coruña e así gorseu aquel proxecto. Curiosamente non foi só Boullosa o único en decatarse do interese en que fose instalada unha refinaría en Vigo. Existiu neses anos outro proxecto, de Tomás Pérez Lorente, entón presidente da Cámara de Comercio de Vigo (1947-1959), para instalar unha refinaría de petróleo nas rías viguesas, mais que rematou tamén por ser abandonado. Con respecto aos negocios de Boullosa en Portugal, a década dos cincuenta asistiu á expansión de SONAP no campo da distribución de produtos petrolíferos: conseguiu implantar en todo o país unha rede de revendedores, ao mesmo tempo que ampliou as súas capacidades de almacenamento, iniciou a comercialización dos lubricantes e o abastecemento da navegación, e ademais garantiu o abastecemento de combustibles en situacións de crise internacional, como canda o peche da canle de Suez en 1956.²¹



Posto de abastecemento da SONAP

Superado o medio século de vida, Manoel Cordo Boullosa parecía comportarse de xeito diferente. O seu anterior carácter afable dera lugar a unha personalidade máis irascible, mesmo autocrática. Xurdiran, en consecuencia, conflitos na súa vida profesional, con cadros das súas empresas, un dos cales estivo na base do seu desentendemento co amigo e socio por longos anos Manuel Queiroz Pereira, o que se traduciu nunha

²¹ HENRIQUES (2003).

separación entre os dous. Boullosa xustificou, anos máis tarde, as razóns da separación con Queiroz Pereira, argumentando que no período no que estivera no estranxeiro e como contactara con outras realidades empresariais, adquirira novas ideas e conceptos estratéxicos para desenvolver os seus negocios, os cales batían cos de Manuel Queiroz Pereira. Efectivamente, na raíz da separación parece que estiveron ideas diferentes relativas ás propostas de adquisición que ao final dos anos cincuenta lle foran feitas a SONAP por empresas estranxeiras. A BP —British Petroleum dispoñíase a adquirir SONAP por 600 millóns de escudos, fracasando as negociacións só porque a BP pretendía «que todas as decisións estratéxicas fosen comunicadas e autorizadas por Londres».²² Ademais tanto a BP como a Mobil fixeran entón, por separado, propostas de asociación con SONAP, nun 50% do capital para cada parte; porén, Manoel Cordo Boullosa esixiu quedar cun 51% do total das accións co fin de preservar a nacionalidade portuguesa da empresa, o que levou ao rexeitamento das dúas multinacionais petrolíferas. Entre tanto, e para resolver as diverxencias, Manuel Queiroz Pereira aceptou vender a súa participación a Boullosa por 300 millóns de escudos, abandonando a sociedade o 31 de decembro de 1960.

Os novos camiños que entón se lle abriron a Manoel Cordo Boullosa pasaron tamén por África. Aínda antes da separación, os dous socios solicitaron unha autorización para instalar unha refinaría de petróleo en Lourenço Marques (actual Maputo), Mozambique, a cal foi concedida en 1959. Isto levou á constitución da SONAREP (Sociedade Nacional de Refinación de Petróleos), na cal participaban SONAP e a Compagnie Française des Pétroles, constituíndo un punto álxido na súa carreira empresarial no sector do petróleo. Co fin de garantir o éxito dos seus negocios na antiga colonia portuguesa, Cordo Boullosa xogou polo seguro. Para xestionar a nova empresa en Mozambique escolleu unha figura que dispuxese, de xeito simultáneo, de bos contactos en Lisboa e dunha ampla marxe de acción en África. O home ideal era Jorge Jardim (1919-1982), que na súa opinión «era brillante en todo o que facía e, mesmo nos negocios privados, continuou a ser un bo político. Estaba sempre ao tanto de todo».²³

²² FERNANDES (2003).

²³ ANTUNES (1996); FERNANDES (2003).

A refinaría de SONAREP, localizada na Matola, suburbios de Lourenço Marques —onde aínda hoxe existe unha avenida co nome Manoel Boullosa—, dispoñía dun capital social de 300 millóns de escudos e comezou a funcionar en 1961, presentando unha capacidade de 800.000 toneladas. Unha vez máis, Manoel Cordo Boullosa foi favorecido polas decisións gobernamentais, pois a súa refinaría mozambicana posuía unha cota de mercado protexida do 50%, unha prerrogativa que se debeu, en boa medida, á boa relación que Jorge Jardim tiña co goberno de Lisboa. En contrapartida, Jardim viu aumentar a súa influencia en Mozambique, e nos países limítrofes, polo feito de traballar con Boullosa: «o petróleo era un circuíto de moito diñeiro, altas cabalarías e poder multiplicable».²⁴

Efectivamente, os negocios de Manoel Cordo Boullosa no sector do petróleo estaban entón en claro ascenso, e a vida íalle moi ben. É nesta época, en 1962, cando casará por segunda vez, coa parisiense Nicole, de 40 anos, matrimonio do que resultará dous anos despois o nacemento da súa filla Paula Isabel.²⁵ A comezos de 1963, SONAREP abría unha sucursal na República Sudafricana, SONAREP (South Africa), Pty. Ltd., unha distribuidora de combustibles que chegou a dispoñer de 200 estacións de servizo, así coma SONAREP (Swaziland), a súa equivalente en Swazilandia, que contou con 12 estacións de servizo.²⁶ Utilizando unha vez máis os empréstitos de Jorge Jardim, Boullosa estableceu tamén unha asociación entre SONAP e o entón presidente Hastings Banda do Malawi, un país veciño de Mozambique, constituíndo en febreiro de 1966 a Oil Company of Malawi Ltd. (OILCOM), cun capital de 10 millóns de escudos, e onde unha sociedade na cal participaba o presidente Banda dispoñía do 60%. En consecuencia, Jorge Jardim era nomeado director da OILCOM, así coma cónsul de Malawi na Beira, cidade onde residía. De acordo con Jardim, a pesar de «relativamente pequeno, o mercado de Malawi era considerado unha saída ideal para varios produtos da pequena refinaría de Lourenço Marques»,²⁷ feito comprobado polo 30%

²⁴ ANTUNES (1996).

²⁵ FERNANDES (2003).

²⁶ FERNANDES (2003).

²⁷ HEDGES (1989).

que a empresa de Boullosa chegou a posuír no mercado de distribución de combustibles daquel país. O empresario, que tiña como ambición obter concesións petrolíferas practicamente para todas as colonias portuguesas de África, expandiu aínda a súa actividade a Angola —a través dunha asociación coa Federal Mynbou, unha empresa sudafricana integrada no grupo General Mining, de raíz afrikaans—, onde instalou a Sociedade Angolana de Petróleos, e tiña proxectos moi avanzados para Cabo Verde, os cales non foron concretados só en virtude das alteracións políticas rexistradas a partir do 25 de abril de 1974, cando foi derrubado o réxime do Estado Novo.

Na súa estratexia de ampliación da actividade empresarial a África Austral, Manoel Cordo Boullosa atopou algunhas dificultades para establecer negocios con Rodesia, actual Zimbabwe. Efectivamente, Rodesia fora albo de sancións económicas por parte da Organización das Nacións Unidas e do Reino Unido, debido á declaración unilateral de independencia, decretada en novembro de 1965 pola minoría branca liderada polo primeiro ministro Ian Smith; pasou entón a ser apoiada apenas polos gobernos de Sudáfrica e de Portugal. Entre as sancións decretadas pola ONU, incluíase o bloqueo ao porto da Beira, que o Reino Unido asegurou de inmediato co envío dunha escuadra de navíos de guerra, incluíndo un portaavións.

A situación complicouse en marzo de 1966, cando o navío petroleiro *Ioana V* conseguiu furar o bloqueo e entrar no porto da Beira con 16.000 toneladas de cru e co obxectivo de descargar petróleo para Rodesia. Este feito agravou as relacións entre Portugal e o Reino Unido xa que os británicos ameazaban con desembarcar tropas na zona de costa periférica ao porto da Beira, situación que provocou algunha aprehensión nos xefes militares portugueses. Estes ordenaron o desprazamento dun número considerable de efectivos militares para aquela rexión, con vistas a afrontar un eventual desembarque de tropas británicas. Con todo, esta situación tan crispada non impediu que Manoel Cordo Boullosa tentase expandir os seus negocios petrolíferos a Rodesia, decisión para a cal contaba, unha vez máis, cos bos oficios de Jorge Jardim.

De feito —en virtude da situación de bloqueo no que o seu país se atopaba—, Ian Smith estaba tamén interesado en agradar a Jardim co fin de garantir o mantemento das vías de reabastecemento en mercadorías a tra-

vés do porto da Beira, e de petróleo polo oleoducto de Chimoio (unindo unha terminal marítima da Beira a Umtali, actual Mutare), as cales eran fundamentais para a subsistencia de Rodesia independente. Efectivamente, a Resolución 221 do Consello de Seguridade da Organización das Nacións Unidas chamaba a todos os Estados para procuraren o máximo esforzo no corte de relacións económicas con Rodesia, incluíndo o embargo de petróleo bruto e de produtos petrolíferos; chamaba mesmo a que o Goberno portugués non permitise o bombeo de petróleo polo oleoducto de Chimoio. Ante os rumores de que Manoel Cordo Boullosa lle vendía petróleo a Rodesia, a Compagnie Française des Pétroles advertiulle severamente —a pesar da vella relación empresarial entre ambos—, de que se lle cortarían o fornecemento das vías de petróleo no caso de que lle fixese algún abastecemento a aquel país. Jorge Jardim, que acompañou a Boullosa na súa viaxe a París para discutir o asunto, relatou que atoparan

[...] o máis frío e mesmo agresivo rexeitamento a calquera colaboración. O presidente da Compagnie Française des Pétroles (Monsieur De Metz) confirmounos nos termos máis severos que [...] non só nunca participaría no abastecemento de Rodesia, senón que nos advertiu de que o subministro de refinaría de Mozambique correría perigo se as compañías portuguesas non aplicaban rigorosamente as sancións.²⁸

De inmediato, o propio Boullosa envioulle un telegrama ao secretario xeral da ONU no que lle garantía que non efectuaría ningún abastecemento de petróleo a Rodesia.²⁹ No entanto, salientará máis tarde, «eu vendíalle petróleo a Sudáfrica, onde tiña moitos negocios. E pasei, nesa altura do bloqueio a Rodesia, a venderlle máis petróleo a Sudáfrica. O destino que tivo ese petróleo non o sei».³⁰ Efectivamente, non hai ningunha proba de que Manoel Cordo Boullosa lle vendera petróleo a Rodesia. Non obstante, testemuñas oculares relataban naquela época que vían pasar regularmente nas estradas que conducían a Rodesia unha gran cantidade de camiións cisterna, idénticos aos que transportaban combustibles que levaban no seu exterior simplemente a palabra *milk*.

²⁸ JARDIM (1978).

²⁹ ANTUNES (1996).

³⁰ ANTUNES (1996).

Non foi a única vez que a actividade empresarial de Manoel Cordo Boullosa levantou sospeitas de contrariar decisións internacionais. En 1967, cando os países árabes produtores de petróleo, membros da Organización dos Países Árabes Exportadores de Petróleo (OPEP) decretou o embargo ao fornecemento de petróleo a varios países occidentais, entre os cales estaban os Estados Unidos de América, a través do cal Israel era abastecido de petróleo, foron varias as voces que sinalaron a implicación de empresas de Boullosa no boicot a aquel embargo. Bastantes anos máis tarde, en 1994, o propio empresario relatará como acontecera todo: «Cando foi a Guerra dos Seis Días —entre os árabes e Israel— os árabes decidiron que non lle vendían petróleo nin a Portugal nin a Estados Unidos. O Dr. Salazar chamoume e eu díxenlle: “Señor presidente, somos tan pequenos que en calquera sitio podemos atopar o petróleo que nos fai falta!”. Despois de tres ou catro días, recibín unha chamada do presidente dunha compañía de Arabia Saudita na que me dicía que pasaría por Lisboa ao día seguinte, ao mediodía, e na que me pedía que eu fose ao Porto para falar alí con el. Díxome que Arabia Saudita lle vendería a Mozambique todo o petróleo que eu quixese. Eu ía para Atenas e mandei á miña oficina en Londres que lle enviasen un telegrama a Jorge Jardim co fin de que el estivese informado e o comunicase. Fun directo do aeroporto da Portela [en Lisboa] ao gabinete do Dr. Salazar. Pedinlle ao xefe do seu gabinete que lle dixese que non se preocupase porque ía ter petróleo árabe en Mozambique. Como era unha boa noticia, o xefe do gabinete do Dr. Salazar mandoume entrar. Falei co Dr. Salazar, conteille o que acontecía e el díxome: “Por suposto, entendo: en Mozambique hai un millón de musulmáns!”. El sabía todo o que pasaba».³¹

A exitosa actividade empresarial que Manoel Cordo Boullosa desenvolveu en África Austral non lle fixo esquecer os intereses que mantiña en Portugal, nomeadamente no sector do petróleo. A comezos dos anos sesenta, a refinaría de SACOR en cabo Ruivo, que ata entón viña ampliando continuamente as súas instalacións —proceso que, en realidade, se iniciara o ano seguinte ao da súa inauguración en 1940— xa non podía sufrir novas ampliacións, tanto máis porque a súa proximidade á cidade de

³¹ ANTUNES (1996).



Refinería da SONAREP na Matola, cerca de Maputo, Mozambique

Lisboa tamén o imposibilitaba, por razóns ambientais, de saúde e ecolóxicas. Portugal rexistraba tamén naquela época un desenvolvemento económico progresivo, en parte resultante da abertura producida pola entrada do país na EFTA en decembro de 1959, situación que suscitou un aumento crecente de combustibles, tanto na industria coma no sector dos transportes.

En 1961, a Dirección Xeral de Combustibles solicitoulles ás empresas petrolíferas (SONAP, SACOR, ESSO, Mobil, Shell) que concretasen propostas sobre a abertura dunha segunda refinaría en Portugal, que sería instalada no norte do país, na zona de Porto, tamén co obxectivo de descentralizar xeograficamente o refinado de petróleo, co fin de garantir o equilibrio na totalidade do país e a satisfacción das necesidades do abastecemento do mercado interno. Nesa consulta estarán implicados o grupo SACOR e CUF (Compañía Unión Fabril) que agora procuraba entrar no rendible sector da fabricación e distribución de produtos petrolíferos. Dada a posición privilexiada de Sacor no mercado de combustibles en Portugal, todo indicaba que a solución dependería da vontade daquela empresa, a cal prefería unha solución negociada directamente

co Goberno, onde ela conservaría a súa situación dominante. Por outra banda, as outras empresas do sector, Shell, Mobil e SONAP, e aínda CUF, preferían o concurso.

A solución para este conflito de intereses resultou ser unha típica resolución salazarista na que a imposición da conciliación substituíu as opcións pola ruptura. Deste xeito, constituíuse un «consorcio formado por SACOR e SONAP que mentres intercambiaron participacións: o compromiso traducido en despacho de maio de 1964 foi precedido por un acordo entre as administracións de SACOR e SONAP de novembro de 1963. Comezara ademais a obrigatoriedade da implicación do Grupo CUF en futuros desenvolvementos na área petroquímica e o reforzo das presenzas moi minoritarias de Shell e de Mobil». ³² A partir de agora, a SONAP podería utilizar as refinarías da SACOR para o tratamento en cru de petróleo.

A actividade no sector financeiro

A actividade empresarial que Manoel Cordo Boullosa desenvolveu ao longo de décadas non sería posible sen a súa inserción no sector financeiro. Desde moi cedo o empresario comprendeu perfectamente esa necesidade, polo que non causa sorpresa velo relacionado co Banque de Paris et Pays-Bas, xa nos anos trinta. No entanto, non conseguiu obter neste sector o mesmo éxito que acadara no do petróleo. Aínda así, as posicións financeiras que acadou chegaron a ter certa importancia e fixéronse máis fondas ao longo dos anos segundo a súa carteira de negocios se enriquecía.

Foi soamente a comezos da década dos sesenta, pouco antes da eclosión da emigración cara a Francia e Alemaña, cando Manoel Cordo Boullosa comezou a adquirir unha posición significativa no sector bancario, comezando por adquirir o 70% do Banque Franco-Portugaise, moi activo na captación de remesas de emigrantes, no cal xa anteriormente tiña como socio ao BNU (Banco Nacional Ultramarino). Tivo tamén unha participación no Banco Fonsecas & Burnay, do cal chegou a ser administrador, durante dous anos, 1967 e 1968, e tamén en 1966, no seu antecesor, o Banco Fonsecas, Santos & Vianna. En 1970, xunto co Banco Nacional

³² RIBEIRO, FERNANDES e RAMOS (1987).

Ultramarino, fundou o Lissabon Bank AG, en Düsseldorf, do cal foi presidente, así coma do Banco Pinto de Magalhães, en Brasil. Neste último país foi tamén administrador do Banco Itaú. En decembro de 1973, debido a que o grupo Jorge de Brito/Jorge Gonçalves Pereira se desfixo da maioría das súas participacións, preto de 40.000 accións, no Crédito Predial Português, Manoel Cordo Boullosa converteuse en accionista maioritario deste banco e asumiu o control do respectivo consello de administración o 20 de febreiro de 1974. Malia isto non estaría moito tempo á súa fronte en virtude das nacionalizacións do sector bancario, que seguiron ao golpe militar do 25 de abril de 1974.³³

Os novos desafíos do marcelismo

O crecemento da economía portuguesa, principalmente ao longo da década dos sesenta e comezos da dos setenta —durante a cal o produto interno bruto medrou un 6,2% entre 1959 e 1965 e un 7,5% entre 1966 e 1973—, esixía que, ao aproximarse a fin da década dos 60, se tomasen decisións no sentido de crear as iniciativas industriais e as infraestruturas que a economía necesitaba co fin de garantir aquel ritmo de desenvolvemento. Deste xeito, a partir de 1969 e coincidindo co novo goberno de Marcello Caetano, que contaba cun pequeno e máis dinámico grupo de tecnócratas—, foi impulsada unha serie de grandes proxectos industriais e de infraestruturas, os cales foron fortemente disputados polos principais grupos económicos nacionais, como a CUF, Champalimaud e SACOR.

No que atinxe ao sector petrolífero, que gañaba cada vez máis importancia, foi entón publicado no *Diário do Governo*, o 4 de novembro de 1970, unha orde ministerial na que se estableceron as grandes directrices da expansión da capacidade de refinado e da instalación das petroquímicas de aromáticos e oleoderivados en Portugal continental; isto desencadeará unha profunda reorganización daquel sector, así coma o asentamento das bases dunha industria petroquímica diversificada. No contorno desta, destacaba a decisión de instalar unha nova grande refinaría no sur do país, cunha capacidade de fabricación de 10 millóns de toneladas/ano de pe-

³³ MARQUES (1989).

tróleos brutos e dos seus residuos, así coma un complexo petroquímico de oleoderivados, o cal, en conxunto, representaba o maior investimento que ata entón se realizara naquel sector en Portugal. Deste xeito, satisfacíase amplamente o crecente consumo nacional de produtos de petróleo, ou sexa, a procura interna dunha forma de enerxía secundaria esencial ao pretendido desenvolvemento. Ademais diso, as esperanzas depositadas na produción da nova refinaría ían máis lonxe, unha vez que procuraban satisfacer tamén a exportación de produtos refinados. Ao concurso para a atribución desta concesión concorreron tres consorcios: un, con participación da SACOR, Fundação Calouste Gulbenkian e polas distribuidoras Shell, Mobil e BP (as tres compañías petrolíferas estranxeiras con actividade de distribución en Portugal); o segundo, resultaba da asociación entre CUF e SONAP, e prevíase para o futuro a implicación dun grupo internacional (que tería ata o 10% do capital da nova sociedade); e un terceiro que estaba integrado sobre todo por empresas do Grupo Champalimaud, baixo a dirección da Química Geral (Mozambique).³⁴

Eran moitos os intereses en xogo —e o negocio era tamén bastante apetecible—, polo que SONAP de Manoel Cordo Boullosa se verá obrigada a proceder a unha serie de reformulacións, incluíndo as alianzas empresariais co fin de colocarse nunha posición que lle proporcionase algunhas garantías de poder vencer o concurso, principalmente cando constatou que SACOR se asociara coas grandes multinacionais do sector. Efectivamente, SONAP, que estaba asociada a SACOR desde 1963, canda a decisión para a construción da refinaría no norte do país, en Leça da Palmeira, Matosinhos (inaugurada o 5 de xuño de 1970), irá refacer as súas alianzas, proceso que se iniciou coa venda do 10% do Banco Fonsecas & Burnay a CUF, co fin de permitir a entrada desta no sector petrolífero. Por outro lado, a Compagnie Française des Pétroles, abandonará progresivamente os seus negocios en Portugal e cederá as súas posicións accionistas en SACOR (en 1970) e en SONAP (en 1973) á Fundação Calouste Gulbenkian. Finalmente, será «establecido un cadro básico de relacións entre as dúas empresas que pasarían a explotar o refinado de petróleos a partir da presenza do Estado como accionista de SACOR, de SONAP e de Petrosul; da presen-

³⁴ RIBEIRO, FERNANDES e RAMOS (1987).

za da Fundación Calouste Gulbenkian como accionista de SACOR e de SONAP; e das participacións cruzadas de SACOR e de SONAP, establecidas canda o lanzamento da refinaría do norte e agora mantidas».³⁵

O 12 de novembro de 1971, a través do Decreto lei núm. 497/71, o Goberno decidiu concederlle a explotación da nova refinaría do sur ao consorcio entre SONAP e CUF, baixo a forma de sociedade anónima de responsabilidade limitada, cun capital inicial mínimo de 755 millóns de escudos, no cal o Estado participaba gratuitamente nun 34%. Rompíase, así, o monopolio de SACOR no sector do refinado de petróleo, o cal, durante trinta anos, o compartira co BPA —Banco Português do Atlântico, co BESCL —Banco Espírito Santo e Comercial de Lisboa— e coa Fundación Gulbenkian, dispoñendo de dúas refinárías: cabo Ruiivo e Leça da Palmeira (Matosinhos). Ao ano seguinte, aquel consorcio formará unha empresa de capital mixto, a Petrosul (Sociedade Portuguesa de Refinación de Petróleos) SARL, e aínda outra empresa, a CNP (Compañía Nacional de Petroquímica), SARL, para concretar as bases do complexo petroquímico de oleoderivados para ser implantada xunto á nova refinaría. A pesar de que en todas as propostas presentadas polos diferentes consorcios se indicaba como localización preferente para a nova refinaría a beira sur do Texo ou a península de Setúbal, o Goberno optou por instalala xunto a un novo porto de augas fondas —de nova construción, na ata entón tranquila e hospitalaria vila alentexana de Sines— por causa de que tanto a foz do Texo coma a de Sado estaban limitadas polas súas respectivas entradas, aínda que presentasen unhas condicións de abeiro excelentes. Ademais diso, Sines presentaba mellores condicións xeográficas para diluír facilmente a polución atmosférica, para o cal contribuían moito as vastas áreas boscosas existentes ao norte daquela vila. A refinaría de Petrosul —a terceira e a maior de Portugal— apoiada por tecnoloxía francesa, iniciou entón a súa construción, que se concluíu en 1978, data a partir da cal comezou tamén a produción.

En 1970, nunha carta que lle enviou ao primeiro ministro Marcello Caetano, Manoel Cordo Boullosa escribíalle, alarmado pola situación do negocio do petróleo en Mozambique, onde a súa posición hexemónica

³⁵ RIBEIRO, FERNANDES e RAMOS (1987).

parecía estar en risco, e solicitáballe igualmente unha audiencia: «a industria de petróleos en Mozambique serviu o interese nacional con total devoción [...]. Non obstante, están anunciadas medidas que conducen á destrución daquela industria. Se as medidas son ou non legais, se elas son ou non morais, pouco importa de momento».³⁶ As preocupacións de Boullosa derivábanse, moi posiblemente, da posibilidade de que a norteamericana Gulf Oil explotase petróleo en Mozambique, o que significaba ter que concorrer coa maior empresa mundial do sector. A pesar da alarma suscitada por aquela posibilidade, o Goberno rematou decidindo —para leducia do empresario—, non autorizar a entrada do coloso norteamericano no mercado nacional.

Aínda que Manoel Cordo Boullosa mantívase unha estreita relación co réxime do Estado Novo, non deixou de conservar sempre unha grande independencia, o que o levou a apoiar os proxectos reformistas do sector liberal e tecnocrático do Goberno de Marcello Caetano, que procuraba atopar solucións, nomeadamente políticas, para as dificultades que o réxime afrontaba daquela. É o caso, por exemplo, da súa participación no capital social do semanario *Expresso* do deputado liberal Francisco Pinto Balsemão, xurdido en xaneiro de 1973, o cal defendía tamén as posicións de SEDES (Asociación para o Desenvolvemento Económico e Social), actitude que non foi ben vista polo Goberno de Caetano. Constituída en 1970, SEDES integraba un sector tecnócrata que defendía unha política de liberalización económica encadrada nunha progresiva democratización do réxime. Xa anteriormente —en 1970— Boullosa dera probas da súa independencia ao convidar a Mário Soares, entón exiliado en París, para servir como asesor xurídico do Banque Franco-Portugaise, o cal desagradou profundamente a Marcello Caetano. O entón primeiro ministro chegou a enviar a París a César Moreira Baptista —que daquela era secretario de Estado da Información— para interpelar directamente a Boullosa por darlle emprego a unha *persona non grata* ao réxime. Segundo Soares, «Boullosa respondeulle que, se algunha vez as cousas desen unha volta en Portugal, faría con el, Moreira Baptista, o mesmo que estaba a facer con

³⁶ ANTUNES (1995).

Mário Soares». ³⁷ Ademais, e manifestando unha vez máis a súa independencia, ao empresario gustáballe dicir que nunca despedira a ninguén por motivos políticos: incluso chegou a readmitir en SONAP a dous traballadores da empresa que foran presos pola PIDE, a odiosa policía política do réxime. Tamén procuraba pagar salarios máis altos. Deste xeito, SONAP fixo en 1969 un plan de pensións de supervivencia, ³⁸ aspecto que cómpre salientar nun país no que a asistencia social era entón aínda moi insuficiente. Do mesmo modo asumiu claramente as súas responsabilidades sociais, mesmo antes do 25 de abril e a el débese a fixación dun salario mínimo na industria petrolífera, a institución dun sistema de servizo médico-hospitalario e a tramitación de liñas de financiamento para que os traballadores das súas empresas adquirisen casa de seu.

O 25 de abril e as nacionalizacións

Un empresario como Manoel Cordo Boullosa, que estivo ligado a algúns dos maiores proxectos económicos en Portugal desde a década dos 30 e que construíu un forte imperio económico durante o réxime de Salazar/Caetano —co cal mantivera unha relación privilexiada— atopábase necesariamente nunha situación delicada a partir do momento no que aconteceu unha ruptura radical que cuestionou fortemente aquel mesmo réxime. Boullosa comprendeu rapidamente as consecuencias que podería desencadear a alteración da situación política en Portugal, ben no seu imperio económico, ben en relación coa súa propia integridade física. O golpe de Estado do 25 de abril de 1974 desencadeara, case que de inmediato, un proceso revolucionario con obxectivos de natureza socialista, cun poderoso movemento popular que reclamaba a condena de todos os que estaban implicados no réxime do Estado Novo.

En maio de 1974 a radicalización do movemento popular esixiu dos militares do MFA (Movemento das Forzas Armadas) así coma do I Goberno Provisional, medidas firmes contra todas as personalidades con responsabilidades no réxime deposedo, comezando unha vaga de depuracións,

³⁷ AVILLEZ (1996).

³⁸ FERNANDES (2003).

tanto no sector público coma no privado, así coma de encarceramentos de banqueiros e de empresarios, acusados de sabotaxe económica e de fuga de capitais. O 21 dese mes, Manoel Cordo Boullosa foi avisado por un militar de que sería preso ao día seguinte. Partiu o máis axiña posible para Galicia, aínda que máis tarde afirmara que saíra de Portugal «porque tiña outros intereses no estranxeiro que reclamaban a súa presenza». Unha das acusacións que pendían sobre el era a de que fixera saír das caixas de SONAP para o estranxeiro preto de dous mil millóns de escudos. Nesta altura [...] unha aseguradora francesa avaliara a súa fortuna en 100.000 millóns de escudos.³⁹

Os intereses económicos que mantiña no estranxeiro permitíranlle, no entanto, acometer as mudanzas ocorridas nunha situación máis favorable ca a maioría dos empresarios portugueses. Pouco tempo despois da súa ida para Galicia partiu para París, onde tiña o seu Banque Franco-Portugaise, o que lle permitía manter unha posición independente e continuar a desenvolver a súa actividade empresarial. No entanto, o 16 de abril de 1975, coa nacionalización de todas as empresas petrolíferas de capital nacional —SACOR, SONAP, CIDLA e Petrosul—, a través da promulgación do Decreto lei núm. 205-A/75, a situación altérase por completo. No mesmo diploma prevíase a reestruturación das empresas nacionalizadas para o cal foi constituída unha comisión co gallo de concretar aquel obxectivo; así o 26 de marzo de 1976 creouse a empresa pública Petrogal (Petróleos de Portugal, EP) que agrupaba as catro empresas que foran nacionalizadas. Pouco despois, a súa herdade do Roncanito, próxima a Évora, onde a Boullosa lle gustaba organizar as súas cazarías, foi ocupada polos traballadores rurais no ambiente do movemento de ocupacións de terras no Alentexo e da reforma agraria que, mentres, se desencadeara. Segundo Boullosa, a herdade do Roncanito era unha unidade modélica «con mil hectáreas en Reguengos de Monsaraz, tiña 480 vacas leiteiras dun total de 1000 cabezas e dispoñía dunha instalación leiteira do mellor que había en Europa. Posteriormente, seríanlle restituídas 700 hectáreas».⁴⁰

³⁹ FERNANDES (2003).

⁴⁰ FERNANDES (2003).

Durante este período asitiuse en Portugal a unha alteración radical da estrutura económica; destacou o proceso das nacionalizacións dos grandes grupos industriais e financeiros, e o movemento da reforma agraria, procesos nos que os respectivos traballadores desenvolveran un papel determinante. Deste modo, non sorprende que tamén xurdiran problemas no Banque Franco-Portugaise, cunha folga dos traballadores. Boullosa rematou vendéndolle o banco a Miguel Quina, un banqueiro que ata 1975 estivera ligado a outro dos principais grupos económicos portugueses. En 1977 Manoel Cordo Boullosa partiu para Brasil, onde adquiriu o Banco Pinto de Magalhães, fundou a sociedade agropecuaria Karitel, propietaria de 40.000 hectáreas no estado de Baía, ademais doutras empresas como Ebra e Fabra.⁴¹

Aínda antes de establecerse en Brasil, e a pesar de que non residise entón en Portugal, Manoel Cordo Boullosa chegou a ter algún protagonismo na situación política que o país vivía entón —aínda que discreto, como era o seu aquel de proceder—, apoiando financeiramente —xunto con outras figuras ligadas á banca e á industria antes do 25 de abril— os sectores que se opoñían e procuraban contrariar o proceso revolucionario en curso. Entre estes contábase o MDLP (Movemento Democrático para a Liberación de Portugal), constituído o 5 de maio de 1975 e que estaba presidido polo ex-xeneral António de Spínola, entón exiliado en Madrid, e que recibía apoio da CIA, así coma unha prudente axuda de David Rockefeller. Con vastos e importantes intereses nas antigas colonias portuguesas de África, Manoel Cordo Boullosa non podería quedar indiferente ante o rumbo que aqueles territorios estaban a tomar unha vez que se obtivera a independencia en 1975 e nacionalizara os bens que posuía alí, principalmente en Mozambique. Joaquim Chissano, que foi primeiro ministro do Goberno de Transición, antes da independencia de Mozambique en 1975, chegou a propoñer que SONAP permanecese naquel país, aínda que como accionista minoritaria. Cordo Boullosa «decidiu non aceptar o plan de entrega do 51% da refinaría ao Estado mozambicano e o proceso pasou a ser liderado polos seus históricos socios da Compagnie Française des Pétroles».⁴² O empresario acabará por implicarse coa Renamo

⁴¹ FERNANDES (2003).

⁴² FERNANDES (2003).

(Resistencia Nacional Mozambicana) que a partir de 1976 comezou unha loita armada contra o réxime no poder en Mozambique ao subsidiar a guerrilla que aquela desenvolvía.

Naquel ano de 1975, Boullosa rexeitará un convite para presidir un grupo de personalidades que procuraban auxiliar a repatriación dos portugueses que vivían nas colonias africanas e que non tiñan medios para regresar a Portugal. Ante o rexeitamento do empresario, o 13 de agosto foille renovado o convite, esta vez poñendo á súa disposición sete avións da Cruz de Malta e catro da Cruz Vermella Internacional; Boullosa declinou de novo co argumento de que era unha oferta dun goberno estranxeiro. Máis tarde, confesou que «unha vez máis errei. Faría un bo papel e daríalles, certamente, unha axuda excelente aos meus compatriotas que regresaban en dificultades. Mais era para min impensable o que acabou acontecendo»,⁴³ referíndose ás condicións tráxicas nas que se procedeu a aquela repatriación.

Coa progresiva estabilización da situación política en Portugal iniciada despois do 25 de novembro de 1975, Manoel Cordo Boullosa, a quen sempre lle gustou manter unha boa relación co poder, iniciou unha implicación prudente na vida política e, principalmente, económica, do país. En setembro de 1977 «rachou un silencio de anos para falar da necesidade do restablecemento de relacións entre Portugal e China, o que era vital para o noso país veciño. O home dos petróleos fora escollido por Beijing para facerlle chegar, ao Goberno portugués, algunhas das súas mensaxes sobre Macau».⁴⁴ Tal e como xa ocorrera no pasado, Boullosa actuaba como intermediario entre o Goberno portugués e, neste caso, o da República Popular de China, co fin de chegar os dous a un acordo sobre o futuro da colonia de Macau.

Durante o período no que se mantivo no estranxeiro, Manoel Cordo Boullosa non deixou de darlle continuidade á súa actividade empresarial, incluíndo os negocios que mantiña en Portugal, a pesar das vicisitudes polas que pasaron durante o turbulento período posterior ao 25 de abril. Cando regresou, en 1987, creou a Sonacin (Sociedade de Investimentos

⁴³ FERNANDES (2003).

⁴⁴ FERNANDES (2003).

Financeiros, S. A.) «a cal se converteu no seu *holding*, que agrupou as participacións na Impregest (10%) sociedade de control de Francisco Pinto Balsemão na área dos medios de comunicación, na Sociedade Comercial Orey Antunes S. A., e no BIG (Banco de Investimento Global), entre outros investimentos. Fixo aínda un investimento en Petrogal [...] de case un 1% do seu capital (preto de 2000 millóns de escudos)». ⁴⁵ En maio de 1989, Petrogal transformouse nunha sociedade anónima aínda que o Estado se mantivo como detentor da totalidade do capital. En 1992 iniciouse a reprivatización desta empresa: o Estado quedou como detentor do 75% do capital e o restante 25% nas mans do consorcio privado Petrocontrol. En 1995 foi alterada a distribución do capital da Petrogal de xeito que quedou o Estado co 55% e os accionistas privados co 4%. Por fin, en 1999, constituíuse o Grupo GALP (Petróleos e Gas de Portugal, SGPS, S. A.) *holding* que pasou a deter o 100% de Petrogal. Manténdose fiel á súa postura de sempre —de salvagarda dos intereses nacionais—, Manoel Cordo Boullosa, xa próximo á fin da súa vida, aínda tivo forzas para loitar pola salvagarda da posición portuguesa en GALP, ante a presión do grupo petrolífero ENI —o maior de Italia— para controlar boa parte das accións daquela empresa, aspiración que se faría realidade. Boullosa tentou manter unha participación directa en GALP —sobre todo porque desde 1992 participaba no capital da Petrocontrol, a través de dous lotes de accións, un persoal, outro a través da Sonacin—, e chegou mesmo a solicitarlle ao Goberno a autorización necesaria. No entanto, acabou por recuar, aínda que, pouco antes de morrer, impuxera as condicións para que se concretase o negocio italiano en GALP.

Unha alma galega

Unha das principais características persoais de Manoel Cordo Boullosa residía nunha lúcida visión estratéxica —ben patente na súa opción, na década dos trinta, polo investimento no sector dos combustibles—, que o acompañou ata o final da súa vida. Aínda que fora un dos máis destacados empresarios portugueses antes do 25 de abril —chegando a cons-

⁴⁵ FERNANDES (2003).

tituír a segunda fortuna do país—, e mantivera unha boa relación co poder de entón, a súa alma galega aconselláballe conservar unha prudente independencia política. Así chegou a afirmar que «un empresario non cede a presións». En realidade, esa *alma galega*, ben perceptible na súa acción, era tamén unha *alma portuguesa*, xa que os dous países conservan unha cultura e orixes comúns, apenas separadas por un capricho histórico que introduciu o río Miño como fronteira.

Moi frío e lúcido nos negocios, Boullosa era discretísimo, austero e apreciaba o traballo por enriba de todo. Foi coñecido como un negociador sutil e determinado. Consideraba que «o segredo do negocio estaba na racionalidade da xestión e no recorte dos gastos superfluos». Era un autodidacta e un grande amante da cultura, cultivando un grande amor polos libros, ben traducido na súa implicación nas editoras Bertrand, Difel (en Brasil e Portugal), e Quetzal. Por iso levou un gran desgusto cando se viu afastado da primeira en 1998, como resultado dun conturbado proceso. Cultivaba igualmente o gusto pola pintura e pola escultura e así xuntou ao longo da súa vida unha importante colección de obras de arte. Ademais da faceta empresarial, era un dos socios máis antigos do Club de Fútbol Os Belenenses, de Lisboa, e participou activamente na vida do club; socio número 336, con máis de cincuenta anos de afiliación, foi presidente da asemblea xeral do club de 1971 a 1975, e durante longos anos presidente do consello xeral.

Manoel Cordo Boullosa tivo sempre presentes as súas orixes galegas e contribuíu de diversas formas a axudarlles aos galegos que vivían en Portugal. En 1989 ofreceulle á Xuventude de Galicia, unha asociación con sede en Lisboa, o fastoso palacete que actualmente ocupa no Campo de Santana, precisamente a antiga sede do Crédito Predial Portugués, da que fora o accionista maioritario. A súa dedicación por Galicia foi recoñecida pola Xunta, que en xuño de 1991 lle concedeu a Medalla Castelao; na reunión do 7 de xuño do 2000 concedeulle, a título póstumo, a Medalla de Ouro de Galicia, en recoñecemento pola súa traxectoria empresarial, do seu compromiso con Galicia e coa colonia galega da capital portuguesa.

O 6 de abril do 2000, con 94 anos, Manoel Cordo Boullosa falecía na súa Quinta dos Pesos, onde residía, en Caparide, S. João do Estoril. En diversas ocasións fóralle ofrecida a nacionalidade española, pero optou sempre por manterse fiel ao seu país natal. No entanto, cando Salazar lle

preguntou un día por que nunca contemplara aquela possibilidade, respondeu: «Non é verdade. Cando Galicia for un país independente, pensarei no asunto». Talvez por iso nunca deixara de usar a inconfundible boina galega.

Fontes documentais

- Arquivo Nacional da Torre do Tombo
 — «Rumores sobre irregularidades cometidas na SACOR», PT-IT-AOS/D/C/11/1/2, 07/03/1942-01/06/1944.

Imaxes tiradas de:

- HENRIQUES, Arlindo Barbosa et al. (2002): *65 anos de petróleo en Portugal: Uma história de interesses, de acción e de progreso*, Lisboa, Companhia das Cores.

Bibliografía

- ANTUNES, José Freire (org.) (1985): *Cartas particulares a Marcello Caetano*, Lisboa, Publicações Dom Quixote, 2º volume.
 — (1996): *A guerra de África: 1961-1974*, Lisboa, Círculo de Leitores.
- AVILLEZ, Maria João (1996): *Soares: Ditadura e revolução*, Lisboa, Público.
- FERNANDES, FILIPE S. (2003): *Fortunas & Negócios, empresários portugueses do século XX*, Lisboa, Oficina do Livro.
- GONZÁLEZ, José Carlos (1995): *Manuel Boullosa: Perfil dum homem e da sua acção*, Lisboa, Xuventude de Galicia.
- HEDGES, David (1989): «Notes on Malawi-Mozambique relations, 1961-1987», *Journal of Southern African Studies*, vol. 15, núm. 4, pp. 617-644.
- HENRIQUES, Sofia Teives: «O desenvolvimento do sector petrolífero em Portugal (1944-1961)», 2003; URL: [www.historiaenergia.com/imagens/conteudos/OPI\(STH\)](http://www.historiaenergia.com/imagens/conteudos/OPI(STH)).
- JARDIM, Jorge (1978): *Rodésia – o escândalo das sanções*, [Lisboa], Intervenção.
- MARQUES, A. H. de Oliveira (1989): *Companhia Geral de Crédito Predial Português: 125 anos de história*, Lisboa, Crédito Predial Português (colab. de Jorge Ramos do Ó, e Sérgio Bustorff Fortunato).
- PEREIRA, José Aser Castillo (2002): «A SONAP no comércio e indústria de petrolíferos», en Arlindo BARBOSA HENRIQUES et al.: *65 anos de petróleo en Portugal: Uma história de interesses, de acción e de progreso*, Lisboa, Companhia das Cores.
- RIBEIRO, José Félix, Lino GOMES FERNANDES e Maria Manuel CARREIRA RAMOS (1987): «Grande indústria, banca e grupos financeiros—1953-73», *Análise Social*, XXIII (99), pp. 945-1018.
- ROSAS, Fernando (1986): *O Estado novo nos anos trinta: elementos para o estudo da natureza económica e social do salazarismo (1928-1938)*, Lisboa, Editorial Estampa.
- VAZ, Carlos Lopes (2004): «A engenharia na indústria petrolífera», en AA. VV.: *Momentos de inovação e engenharia em Portugal no século XX*, Lisboa, Publicações Dom Quixote, vol. III, pp. 308-318.